

ANEXO III

Baremo

1. Servizos prestados ata	2,00 puntos	
Por cada ano de permanencia ininterrompida no centro desde o que solicita o cambio de posto de traballo	0,300 puntos	Certificado da delegación provincial correspondente.
2. Antigüidade, ata	2 puntos	
Por cada ano de servizos efectivos prestados na situación de servizo activo como funcionario de institutos técnicos de ensinanzas medias ou por cada ano completo de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal vario	0,200 puntos	Certificado da delegación provincial ou delegacións provinciais, se é o caso.
3. Méritos académicos (titulacións), ata	4,00 puntos	
3.1. Por cada título de doutor, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto	2,00 puntos	Fotocopia compulsada do título ou certificación do aboamento de taxas para a expedición deste.
3.2. Para a disciplina de educación física	3,00 puntos	Fotocopia compulsada do título ou certificación do aboamento de taxas para a expedición deste.
3.2. Título de licenciado en educación física	3,00 puntos	
3.3. Por cada diploma universitario, certificado do primeiro ciclo universitario, título de enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou formación profesional de segundo	0,75 puntos	

Disposicións complementarias

Primeiro.-No punto 1 valoraranse os servizos prestados ininterrompidamente como persoal vario e profesores especiais de ITEM no centro desde o cal participa con destino definitivo.

Segundo.-Nos seguintes puntos, por cada mes fracción de anos sumaranse as seguintes puntuacións: no punto 1: 0,0250 e no punto 2.1: 0,0167.

Terceiro.-No punto 3, cada titulación non poderá valorarse por máis dunha epígrafe.

Orde do 5 de novembro de 2010 pola que se convoca concurso de traslados entre profesorado de relixión que presta servizos nos centros educativos dependentes desta consellería.

Pola Orde do 17 de xullo de 2007 régulase a relación laboral do profesorado de relixión e dítanse instrucións relativas á provisión de postos. No artigo 6º da citada orde prescribíse que, a partir do inicio do curso académico 2009/2010, as vacantes de relixión que se produzan nos centros educativos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria serán ofertadas a provisión, mediante concurso de traslados anual, entre o profesorado de relixión que presta servizos no correspondente nivel educativo na Comunidade Autónoma de Galicia e que posúa o nivel de formación de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente. Así mesmo, establécese que este concurso se convocará en datas similares ás convocatorias que se realicen para a provisión de postos correspondentes aos funcionarios docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

De conformidade coa Orde do 17 de xullo de 2007 e existindo postos vacantes nos centros docentes,

que se deben prover entre profesorado de relixión dos niveis educativos que a continuación se citan, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dispón convocar concurso de traslados coas seguintes bases:

Primeira.-Obxecto.

Convócase concurso de traslados, de acordo coas especificacións que se citan nesta orde, para a provisión de postos vacantes entre profesorado de relixión dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dos niveis educativos:

-Educación infantil e primaria.

-Educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

Segunda.-Publicación de postos vacantes.

As vacantes son as que se publican no anexo II desta convocatoria.

Ao abeiro desta orde convócanse, ademais das vacantes previstas no momento da convocatoria, as que produzan por xubilación forzosa por cumprimento dos sesenta e cinco anos de idade, as que se produzan, por calquera circunstancia, ata o 31 de decembro de 2010, e as que resulten da resolución deste concurso, sempre que correspondan a prazas que teñan o seu funcionamento previsto na planificación xeral educativa.

As prazas que non sexan de horario completo serán, en todo caso, de adxudicación voluntaria.

Terceira.-Participación voluntaria do persoal laboral indefinido de relixión.

1. Poderá participar neste concurso o profesorado de relixión con contrato laboral indefinido, en situación de servizo activo ou de excedencia por coidado de fillas, fillos e familiares, que preste servizos en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. O profesorado de relixión que imparte os niveis educativos de educación infantil e primaria poderá solicitar as prazas das localidades e os centros que figuran na do Orde do 5 de novembro de 2010 pola que se modifica a Orde do 7 de xullo de 2009, pola que se dá publicidade á relación de postos de traballo do profesorado de relixión, agás o profesorado do nivel de educación secundaria e bacharelato que foi adscrito a centros de educación infantil e primaria. Este profesorado poderá participar no concurso a prazas do nivel educativo de secundaria e bacharelato.

3. O profesorado de relixión que imparte os niveis educativos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato poderá solicitar as prazas das localidades e os centros que figuran na Orde do 5 de novembro de 2010 pola que se modifica a Orde do 7 de xullo de 2009, pola que se dá publicidade á relación de postos de traballo do profesorado de relixión.

4. O profesorado de relixión con destino definitivo en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que transcorresen ao remate deste curso académico, polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

5. Os que desexen exercer un dereito preferente para a obtención de destino deberán aterse ao que se determina na base sétima desta convocatoria.

6. O profesorado desprazado por falta de horario que obteña destino neste concurso de traslados terá un dereito de retorno ao centro de procedencia. Así mesmo, terá dereito preferente á localidade ou zona educativa en que se encontraba o centro de procedencia.

Cuarta.-Participación voluntaria do persoal laboral temporal de relixión.

1. Poderán, así mesmo, participar neste concurso de traslados o profesorado de relixión con contrato laboral temporal, que preste ou prestase servizos en centros educativos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e se manteña nas listas de persoal laboral temporal de profesorado de relixión. Para estes efectos, enténdese que prestaron servizos todas aquelas persoas que, correspondéndolles unha interinidade ou substitución, non tomaron posesión dela por unha das causas previstas na Resolución do 10 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto refundido do 20 de xuño de 1995, polo que se regulou o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da Xunta de Galicia, que imparte ensinanzas distintas das universitarias.

2. O profesorado de relixión con contrato laboral temporal que imparte os niveis educativos de educación infantil e primaria poderá solicitar as prazas das localidades e os centros que figuran na Orde do

5 de novembro de 2010 pola que se modifica a Orde do 7 de xullo de 2009, pola que se dá publicidade á relación de postos de traballo do profesorado de relixión.

3. O profesorado de relixión con contrato laboral temporal que imparte os niveis educativos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato poderá solicitar as prazas das localidades e os centros que figuran na Orde do 5 de novembro de 2010 pola que se modifica a Orde do 7 de xullo de 2009, pola que se dá publicidade á relación de postos de traballo do profesorado de relixión

Quinta.-Participación forzosa no concurso de traslados.

Está obrigado a participar neste concurso o profesorado de relixión con contrato laboral indefinido que estea desprazado por falta de horario, do seu centro de destino, no actual curso académico 2010/2011.

Nos supostos en que se deba determinar entre varios profesores de relixión quen é o afectado por unha circunstancia que implica a perda do destino que viñan desempeñando, se ningún deles opta voluntariamente polo cesamento, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios:

- a) Menor antigüidade ininterrompida, como definitivo, no centro.
- b) Menor tempo de servizos como profesor de relixión no nivel educativo correspondente.
- c) Menor tempo de servizos como profesor de relixión
- d) Menor existencia de cargas familiares, nomeadamente, menores de 6 anos e persoas con discapacidades severas.

O profesorado desprazado por falta de horario estará obrigado a solicitar praza nun raio de 35 km desde o seu centro base de referencia.

O profesorado de relixión desprazado por falta de horario que non obteña destino definitivo na resolución do concurso de traslados será destinado provisionalmente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en prazas nun raio de 50 km desde o seu centro base de referencia.

Sexta.-Requisito de coñecemento da lingua galega.

De conformidade co establecido no artigo 6º da Orde do 17 de xullo de 2007, para participar no concurso de traslados o profesorado de relixión terá que acreditar a capacitación en lingua galega, debendo estar en posesión do certificado de lingua galega (Celga 4), da súa validación ou títulos equivalentes.

Sétima.-Dereito preferente á localidade ou zona educativa.

Terá dereito preferente á localidade ou zona educativa en que estea situado o centro de destino defi-

nitivo o profesorado de relixión desprazado deste curso académico 2010/2011 por falta de horario.

Para que o dereito preferente teña efectividade, os solicitantes están obrigados a consignar na súa solicitude de participación en primeiro lugar todas as prazas correspondentes aos centros convocados no concurso de traslados dentro da localidade ou zona educativa na cal aspiren a exercer o dereito preferente, relacionados por orde de preferencia.

Ao profesorado de relixión concursante polo punto de dereito preferente á localidade ou zona educativa, no caso de que omitise algunha das prazas da localidade onde dexese exercer o dereito preferente, a Administración educativa, de oficio, consignaralle as prazas restantes da dita localidade ou zona educativa.

Oitava.-*Forma de participación.*

1. O persoal concursante presentará unha única instancia, acompañada dunha folla de alegacións e autobaremação, axustada ao modelo que se encontrará á disposición das interesadas e interesados na páxina (<http://www.edu.xunta.es/cadp>), en profesorado, sección de concursos de traslados e, simultaneamente presentarán para a demostración dos méritos os documentos relacionados no baremo que aparece como anexo I desta orde, en cada un dos cales deberán facerse constar o nome e apelidos.

2. A solicitude dirixirase á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

3. A solicitude deberá efectuarse pola internet a través da páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, <http://www.edu.xunta.es/cadp>.

A solicitude, que deberá imprimirse desde a propia aplicación web, poderá presentarse no propio centro educativo en que se prestan servizos. Neste caso, o centro procederá a remitir a solicitude á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela.

4. Todas as fotocopias que se remitan deberán ir acompañadas das dilixencias de compulsión, expedidas polas direccións dos centros educativos, ou dos departamentos territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Non se admitirá ningunha fotocopia que careza da dilixencia de compulsión.

5. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá requirir ao interesado ou interesada, en calquera momento, a xustificación daqueles méritos alegados e que non foran debidamente xustificadas.

Novena.-*Presentación de solicitudes.*

As instancias, orixinal e copia, así como a documentación a que se alude no punto anterior, poderanse presentar nos departamentos territoriais da

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, na secretaría do centro educativo onde presta servizos o concursante ou en calquera das dependencias a que alude o artigo 38º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de que optasen por presentar a súa solicitude nunha oficina de correos, farano en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario ou funcionaria de correos antes de ser certificada.

O profesorado que participe neste concurso de traslados deberá asinar as instancias e deberá manifestar nelas, de modo expreso, que reúne os requisitos exixidos na convocatoria, consignando as prazas que solicita por orde de preferencia, cos números de código que figuran nos anexos da orde pola que se aprobe a relación de postos de traballo do profesorado de relixión.

Décima.-*Prazo de solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes e documentos será de 20 días hábiles computados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Finalizado este prazo, non se admitirá ningunha solicitude.

Unha vez concluído o prazo de presentación de instancias non se admitirá ningunha modificación ás peticións formuladas. Non obstante, admitiráselles renuncia a participar no concurso de traslados aos concursantes con carácter voluntario no prazo establecido para as reclamacións á lista provisional, na base décimo terceira, entendendo que tal renuncia afecta todas as peticións consignadas na súa instancia de participación, sen que se admitan renuncias parciais.

Décimo primeira.-*Asignación de puntuación ao persoal concursante.*

A asignación da puntuación que lles corresponde aos concursantes levaraa a efecto unha comisión constituída por persoal funcionario destinado na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira, para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño (DOG do 18 de xullo).

Así mesmo, poderá asistir ás resolucións das reclamacións un representante de cada organización sindical con presenza na mesa sectorial docente non universitaria con voz e sen voto.

O persoal laboral temporal concorrerá con cero puntos, e pola orde que teñan na correspondente relación de aspirantes a acceder a prazas de interinidades e substitucións de relixión.

Décimo segunda.-*Resolución provisional do curso.*

Unha vez asignadas as puntuacións que lle corresponde ao persoal concursante, procederase, confor-

me as peticións e os méritos dos participantes, á adxudicación de destinos. As puntuacións e a resolución provisional do concurso faranse públicas na páxina web desta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (<http://www.edu.xunta.es/cxts>) e nos seus departamentos territoriais.

No caso de producirse empates no total das puntuacións, estes resolveranse atendendo sucesivamente á maior puntuación en cada un dos puntos do baremo conforme a orde en que aparecen nel. Se persistise o empate, atenderase á puntuación obtida nas distintas subepígrafes pola orde en que aparecen no baremo. En ambos os casos, a puntuación que se tome en consideración en cada epígrafe non poderá exceder a puntuación máxima establecida para cada un deles no baremo nin, no suposto de subepígrafes, o que corresponda como máximo á epígrafe en que se encontren incluídos. Cando ao aplicar estes criterios, algunha ou algunhas das subepígrafes alcance a máxima puntuación outorgada á epígrafe a que se pertence, non se tomarán en consideración as puntuacións do resto de subepígrafes.

Décimo terceira.-*Reclamacións e renunciacións.*

O persoal concursante poderá presentar reclamacións ás resolucións provisionais, a través do órgano en que presentara a súa instancia de participación, no prazo de dez días a partir da súa exposición.

Sen prexuízo do parágrafo anterior, o profesorado de relixión concursante poderá presentar reclamación á puntuación outorgada, con anterioridade á resolución provisional do concurso, unha vez que se fagan públicas na páxina web desta consellería.

Así mesmo, no mesmo prazo, poderán presentar renuncia á súa participación no concurso nas condicións establecidas na base décima desta convocatoria. Estas reclamacións e renunciacións presentaranse polos procedementos a que alude a base novena.

As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional xa que, de non facelo, poderán obter destino na resolución definitiva.

Décimo cuarta.-*Resolución definitiva.*

Consideradas as reclamacións e renunciacións a que se refire a base anterior, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos procederá a ditar as resolucións

definitivas destes concursos de traslados. A dita resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (www.edu.xunta.es/profesorado). As prazas adxudicadas na dita resolución son irrenunciacións, e os participantes deberán incorporarse ás prazas obtidas.

Décimo quinta.-*Recursos.*

Contra a resolución definitiva, que pon fin á vía administrativa, os interesados e as interesadas poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ou directamente contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, conforme se establece nos capítulos II e III da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo sexta.-*Toma de posesión.*

A toma de posesión dos novos destinos terá efectividade administrativa do 1 de setembro de 2011. Non obstante, de ser o caso, o profesorado que obtivera destino neste concurso deberá permanecer nos seus centros de orixe ata que conclúan as actividades imprescindibles previstas para a finalización do curso.

Décimo sétima.-*Contrato de persoal laboral indefinido.*

O profesorado de relixión con contrato laboral temporal que obteña destino definitivo neste concurso de traslados pasará a ter contrato de persoal laboral indefinido.

Décimo oitava.

Contra esta orde poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, de conformidade co desposto na Lei 29/1998, do 26 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo novena.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

I. Experiencia docente.		
1.1. Por cada ano de experiencia docente na impartición da área ou materia de relixión, no mesmo nivel educativo a que opta o/a aspirante, en centros públicos dependentes das administracións educativas.	1,000 punto	Folla de servizos certificada pola Administración educativa ou certificacións da/o secretaria/o do centro co visto e prace da dirección, en que debe constar a data de toma de posesión e cesamento na especialidade
1.2. Por cada ano de experiencia docente na impartición da área ou materia de relixión, en distinto nivel educativo a que opta o/a aspirante, en centros públicos dependentes das administracións educativas.	0,500 puntos	Folla de servizos certificada pola Administración educativa ou certificacións da/o secretaria/o do centro co visto e prace da dirección, en que debe constar a data de toma de posesión e cesamento na especialidade.
1.3. Por cada ano de experiencia docente na impartición de calquera área ou materia distinta da relixión en centros públicos dependentes das administracións educativas.	0.125 puntos	Folla de servizos certificada pola Administración educativa ou certificacións da/o secretaria/o do centro co visto e prace da dirección, en que debe constar a data de toma de posesión e cesamento e especialidade.

Secundaria

Cód. praza	COD1	Centro 1	Concello	Horas	COD2	Centro 2	CONC2	COD3	Centro 3	CONC3	COD4	Centro 4	CONC4	COD5	Centro 5	CONC5
151032	15027873	IES Afonso X O Sabio	Cambre	37,30	15003005	CPI Vicente Otero Valadrel	Carral									
271001	27014811	IES Fontem Albei	A Fonsagrada	37,30	27002249	CPI de Castroverde	Castroverde									
271020	27016455	IES Sanxillao	Lugo	37,30	27006528	IES As Mercedes	Lugo									
271032	27010945	IES Porta da Auga	Ribadeo	37,30	27010933	IES Dionisio Gamallo Fierros	Ribadeo									
321004	32016339	IES de Allariz	Allariz	37,30												
361037	36013692	IES Val do Tea	Ponteareas	37,30	36024781	IES de Ponteareas	Ponteareas									
361057	36014544	IES Francisco Sánchez	Tui	37,30												
361061	36011798	IES Alexandre Bóveda	Vigo	37,30												
361064	36019050	IES de Beade	Vigo	37,30	36017430	IES Ricardo Mella	Vigo									

Evanxélica

Cód. praza	COD1	Centro 1	Concello	Horas	COD2	Centro 2	CONC2	COD3	Centro 3	CONC3	COD4	Centro 4	CONC4	COD5	Centro 5	CONC5
369002	36004484	CEIP da Laxe	Marín	37,30	36006195	CEIP A Carballeira	Pontevedra									
369004	36019611	CEP Marcos da Portela	Pontevedra	37,30												
369007	36010711	CEP Dr. Fleming	Vigo	37,30	36010721	CEIP Ramón y Cajal	Vigo									
159012	15025037	CEIP Sagrada Familia	A Coruña	37,30	15005026	CEIP Sanjurjo de Carriarte	A Coruña	15021536	CEIP Víctor López Seoane	A Coruña						
329102	32014801	IES Cidade de Antioquía	Xinzo de Limia	37,30	32015232	IES Lagoa de Antela	Xinzo de Limia	32004829	CEIP Rosalía de Castro	Xinzo de Limia	32004830	CEIP Sergio Mascareñas	Xinzo de Limia			

Corrección de erros.-Resolución do 14 de setembro de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se resolve a adxudicación de destino provisional para o próximo curso académico 2010-2011, entre profesorado dos corpos de ensino secundario, agás as materias referidas á formación profesional específica, e profesorado de escolas oficiais de idiomas, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal que se conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación familiar, ao persoal opositor do ano 2010, interinas, interinos, substitutas e substitutos e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo dos citados corpos.

Advertidos erros na citada resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 180, do venres 17 de setembro de 2010, é necesario modificar, no anexo, o centro de destino adxudicado do profesorado que se relaciona:

Onde di:

DNI	Nome	Centro	Nº páxina no DOG
32819244S	López Silva, Jorge Marcelo	32016340-IES Aquis Querquernis-Bande (Ourense)	16.025

Debe dicir:

DNI	Nome	Centro	Nº páxina no DOG
32819244S	López Silva, Jorge Marcelo	15001148-IES As Mariñas-Betanzos (A Coruña)	16.025

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 8 de novembro de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se fan públicos os acordos dos tribunais que xulgan o proceso selectivo para o ingreso en na categoría de persoal de enfermaría (ATS/DUE) de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, relativos á baremación provisional da fase de concurso.

O punto 5 da base sexta B) da resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (DOG nº 40, do 26 de febreiro) pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, dispón que, realizada polo tribunal a baremación correspondente da fase de concurso, publicárase esta no *Diario Oficial de Galicia* con indicación da puntuación obtida por apartados, así como a valoración total da fase de concurso, para os efectos de que os aspirantes que o consideren oportuno poidan presentar reclamación ante o propio tribunal, polo tanto este centro directivo

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar as puntuacións obtidas polos aspirantes da categoría de persoal de enfermaría (ATS/DUE) de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, convocado por resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (DOG nº 40, do 26 de febreiro), nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na súa páxina web www.sergas.es. relativas